

**3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA**

**INSTRUCCIÓN:**

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:[www.sergas.es](http://www.sergas.es) , logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



**1. Levaron os feridos ata a ambulancia en:**

- A) Camiolas.
- B) Camillas.
- C) Padiolas.
- D) Ancarellas.

**2. Conduto por onde sae ao exterior o fume das cociñas, dos fornos, das máquinas, etc.:**

- A) Chimenea.
- B) Chimanea.
- C) Chiminea.
- D) Cheminea.

**3. Sinónimo de “glóbulo vermello” en galego:**

- A) Hematíe.
- B) Hematía.
- C) Hemacia.
- D) Hemacía.

**4. Sinale a serie correcta dos concellos galegos que se indican:**

- A) Piedrafita do Cebreiro, A Caniza, Monte Rei, Caldas de Reis.
- B) Pedrafita do Cebreiro, A Cañiza, Monterrei, Caldas de Reis.
- C) Piedrafita do Cebreiro, A Cañiza, Monterrey, Caldas de Reyes.
- D) Pedrafita do Cebrero, A Caniza, Monte Rei, Caldas de Reis.

**5. Cal das seguintes opcións significa “neste preciso momento”?**

- A) Decote.
- B) Abondo.
- C) Arestora.
- D) Outrora.

**6. Líquido composto de auga e outras substancias que se emprega para branquear a roupa e para limpeza e a desinfección en xeral:**

- A) Lexía.
- B) Lixía.
- C) Liviana.
- D) Lixivia.

**7. Quen doa un órgano, sangue, etc., é un:**

- A) Doente.
- B) Donente.
- C) Donante.
- D) Doador.

**8. Idea ou opinión que se basea en indicios ou aparencias, sen un fundamento certo:**

- A) Conxectura.
- B) Conxetura.
- C) Conxeitura.
- D) Consetura.

**9. Conxunto de ósos que forman o esqueleto da cabeza:**

- A) Cranio.
- B) Cráneo.
- C) Craneo.
- D) Craneira.

**10. "É suficiente" non equivale a:**

- A) Abonda.
- B) Abunda.
- C) Chega.
- D) Basta.

Preguntas de reserva

**1. Vermes parasitos do intestino humano son:**

- A) As miñocas.
- B) As lombrices.
- C) As miocas.
- D) As lombrigas.

**2. Sinale a opción correcta:**

- A) Cirurxián - cirurxiá.
- B) Cirurxián - cirurxiana.
- C) Ciruxano - ciruxana.
- D) Cirurxano - cirurxana.